



# CONCELLO DE OIMBRA

Avda. do Carregal, 3 - Tel. e Fax: 988 426 160 - 32613 OIMBRA (Ourense)

Rexistro  
Saída  
1558  
13/11/2015

SEC 2015-104	DIPUTACION PROVINCIAL OURENSE
I PLAN TRANSPARENCIA MUNICIPAL DA PROVINCIA DE OURENSE	

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
19 NOV. 2015	
N.º ENTRADA 33748	N.º SAIDA

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL OURENSE  
RÚA DO PROGRESO, NUM. 32.  
32.003 OURENSE.

En Ombra a, 12 de Novembro de 2015

Xunto con este escrito se lle achega certificado do acordo adoptado en sesión ordinaria do día 28-10-2.015 polo Pleno deste Concello de Ombra, mediante o que se acordou, por maioría absoluta, a ratificación do acordo da Xunta de goberno local do día 30-09-2.015, de **ADHESIÓN DESTE CONCELLO Ó CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.**

  
A ALCALDESA  
  
ASDO. ANA MARIA VILLARINO PARDO.



# CONCELLO DE OIMBRA

Avda. do Carregal, 3 - Tel. e Fax: 988 426 160 - 32613 OIMBRA (Ourense)

En Oímbra a, 12 de Novembro de 2015

**DÑA. CRISTINA TABOADA GONZALEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE OIMBRA.**

## **CERTIFICO:**

Que según se desprende do Borrador da Acta, polo Pleno deste Concello, na sesión plenaria que se indica seguidamente, adoptouse o seguinte **A C O R D O**, que transcríbese literalmente a continuación:

**28 de Octubre de 2015  
PLENO ORDINARIO**

**3.) DAR CONTA Ó PLENO PARA O SEU COÑECEMENTO E RATIFICACIÓN, DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DE DATA 30-09-2.015, NO QUE ESTE CONCELLO SE ADHERIU Ó CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN CA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.**

Neste punto da orde do día a Sra. Alcaldesa explica que existe a Lei 19/2.013, do 9 de Decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ca que se pretende que as actuacións que se realicen no Concello poidan coñecerse polos interesados dende a súa casa e o seu ordenador, como as actas dos Plenos e da Xunta de goberno, e que todo isto ten que estar colgado nunha páxina web. A Sra. Alcaldesa explica que este Concello ten o persoal e os recursos que ten, polo que non é fácil que o faga só, e para eso a Deputación puxo a disposición dos Concellos un Convenio para que con coste cero, se lles poña a disposición unha Plataforma para todos, e que o Concello o que ten que facer é pasarlles a información para que eles a poidan convertir e colgar, e que un dos requisitos para asinalo era nomear a unha persoa responsable de transmitir a información deste Concello, e acordouse que fose a Secretaria-Interventora a persoa interlocutora entre o Concello e a Deputación.

A Secretaria-Interventora intervén e di que a Lei xa establece as cousas obrigatorias que se teñen que poñer accesibles ós cidadadáns, e que despois o propio Concello pode ampliar a información a suministrar, pero que o principal problema é a parte técnica, e se terá que ir facendo pouco a pouco, que os Concellos grandes xa están en marcha, pero os pequenos como non teñen tantos medios, non están tan avanzados, e que agora, ó adherirse a este Convenio da Deputación, xa se irá pouco a pouco avanzando para poder cumprir a Lei.

A Concelleira do B.N.G., Dña. Perfecta Losada Sotelo intervén e dí que en realidade hai que cambiar de actitude e non facer só un lavado de cara, senón que hai que ser de verdade transparentes na actuación dos políticos de cara a cidadanía, que son os que nos poñen



## CONCELLO DE OIMBRA

Avda. do Carregal, 3 - Tel. e Fax: 988 426 160 - 32613 OIMBRA (Ourense)

eiquí, e os políticos teñen a encomenda de xestionar todos os recursos públicos, e que crear unha páxina web para que todo sea transparente está moi ben, pero hai que levalo á práctica, e eso se consegue acabando ca corrupción política, co clientelismo, cos enriquecementos persoais a costa da política, co de vender favores persoais a cambio de votos, etc., e que por desgracia nesta provincia sabemos moito desto, e que como di o refrán "obras son amores e non boas razóns", pensamos que menos palabras e máis feitos.

A Sra. Alcaldesa respóndelle decindo que isto non será só unha páxina web, que vai a ser unha interacción entre o cidadano e a Administración, e se trata dunha obriga legal, por eso para nada vai a ser un lavado de cara ou de imaxe, e que ademáis se pretende que a cidadanía poida acceder dende onde reside, a información do Concello de Oimbra que será pública para todos os veciños.

A Portavoz do P.P., Dña. Marta Arias, intervén e pregunta como se vai a facer cos datos persoais das persoas.

A Secretaria-Interventora aclara que a Lei de Protección de Datos de Caracter Persoal hai que cumplila, e que hai documentos e expedientes que non se van a poder expoñer ó público, como todo o tema de servizos sociais.

Dña. Marta Arias di que a veces na Xunta de goberno saen nomes de persoas e non sabe si eso poderá ser accesible a todos ós veciños.

A Secretaria di que a propia Lei xa establece a información que é obrigatorio facilitar, pero como se dixo, sempre respetando a Lei de protección de datos.

Dña. Marta Arias pregunta cando se vai a empezar.

A Secretaria lle responde que o prazo legal para a entrada en vigor empeza o 10 de Decembro de 2.015, pero que os Concellos pequenos, como non os axuden as Deputacións Provinciais, non o van a poder cumprir, e que no tema das Actas xa se verá, pero que en todo caso as sesións do Pleno son públicas, polo que as actas do Pleno se poderían publicar.

Unha vez acabadas estas intervencións, a Sra. Alcaldesa expón que hai que ratificar o acordo da Xunta de goberno de adherirse a este Convenio, e sometido a votación, obtense o seguinte resultado:

-9 votos a favor, da Sra. Alcaldesa, dos 6 Concelleiros do P.P. e dos 2 Concelleiros/as do PSOE.

-2 abstencións das Concelleiras do B.N.G., que fan constar que aínda que a súa intención inicial era votar a favor, posto que se trata dunha exixencia de tipo legal, finalmente deciden que se absteñen neste punto debido ás últimas informacións sobre unha denuncia sobre vendas de postos de traballo ó Sr. Presidente da Deputación Provincial de Ourense, e sobre o que desexan facerlle preguntas á Sra. Alcaldesa, no punto de rogos e preguntas.

Polo tanto, por maioría absoluta queda ratificado o acordo da Xunta de goberno local do día 30-09-2.015.

E para que así conste e surta os oportunos efectos, ca salvedade do establecido no art. 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1.986, do 28 de Novembro, expido e asino esta certificación, de orden e co Visto e Prace da Sra. Alcaldesa, DNA. ANA MARIA VILLARINO PARDO, na data indicada ó principio deste certificado.



**A SECRETARIA-INTERVENTORA**